

Sr. Alcalde Presidente  
do Concello de Vigo

## PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO LMTS CT RIOS. IN407A 2021/65-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **16 de setembro de 2025**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas dependencias da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado LMTS CT Rios, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2021/65-4

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolveu o 31 de xullo de 2024 o procedemento ordinario 7035/2023 que modifica o prezo xusto determinado polo Xurado de Expropiación de Galicia da servidume de paso da finca que se cita na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 16 de setembro de 2025, ás 13 horas, na Axencia de Urbanismo do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para a execución da resolución xudicial da finca situada nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante deste Departamento Territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

<b>LMTS TRO721 Rios</b>			
<b>Nº</b>	<b>Referencia catastral</b>	<b>Paraxe</b>	<b>Titular</b>
1	5664824NG2758S0001TH	Camiño Rios	Hros. María Dolores González Alén

